

Cerceda, a 10 de xullo de 2023

URDIME aposta por una nova liña escénica audiovisual e realiza un importante investimento grazas á subvención recibida a través do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020

Urdime celebrou no 2022 o seu décimo aniversario e, no noso afán de seguir mellorando tanto na calidade e pertinencia dos contidos dos nosos proxectos como na innovación e competitividade da posta en escena dos nosos espectáculos, decidimos poñer en marcha o proxecto "Escena Dixital 23".

Para a súa realización adquirimos unha pantalla LED de grande formato e tecnoloxía de vangarda que nos permite a proxección de materiais gráficos e audiovisuais tanto en exterior como en interior sen depender das condicións lumínicas e climatolóxicas. Trátase dun investimento de 59.700,00 euros.



Para a súa adquisición, acollémonos á convocatoria de subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) mediante a RESOLUCIÓN do 4 de agosto de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas á dotación de equipamentos e activos que fomenten a innovación e a competitividade da industria cultural e creativa galega ao abeiro do programa Hub da industria creativa galega, financiadas ao 100 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19.

A axuda supuxo o 70% do investimento realizado con un importe de 41.790,00 euros. Sen esta axuda, sería practicamente imposible para unha cooperativa do noso tamaño asumir o importante investimento que supón.